



Formulario de inscripción




[www.concellodeames.gal](http://www.concellodeames.gal)

[www.neg.gal](http://www.neg.gal)

+ INFO: [neg@neg.gal](mailto:neg@neg.gal)

colaboran



# que facer cos Robots? nas escolas e nos fogares?

avaliación de materiais  
x seminario obradoiro internacional

utilización dos robots  
en educación  
infantil, primaria e secundaria

obradoiros participativos  
para iniciarse no desenvolvemento  
práctico dos robots

29 e 30 marzo  
Pazo da Peregrina  
Bertamiráns



A robótica educativa é a protagonista da décima edición do “Seminario Internacional de Avaliación de Materiais Didácticos”, que terá lugar os días 29 e 30 de marzo de 2019.

Conscientes da necesaria formación en metodoloxías STEM (ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas), e partindo de que a escola é un espazo de aprendizaxe na que debe realizarse un tratamento reflexivo, crítico e innovador dos avances tecnolóxicos e científicos, esta actividade nace coa finalidade de ofrecer un espazo de encontro para o profesorado e a comunidade educativa (familias, outras/os profesionais...) co fin de favorecer a análise e utilización crítica dos robots nas aulas de educación infantil, primaria e secundaria.

Dado que se cumpre o X aniversario do Seminario e do grupo promotor do mesmo: CAVILA (grupo de traballo de materiais curriculares de Nova Escola Galega), queremos que esta edición sexa máis lúdica e festiva que as anteriores, para iso cerebrarémolo cun acto especial o venres 29 á que poden asistir as persoas inscritas. Informarase con máis detalle en datas próximas ao evento.

#### OBXECTIVOS DE AVALIACIÓN

- Coñecer tipoloxías de robots e estratexias metodolóxicas para utilizar estes recursos en diferentes etapas educativa.
- Tomar decisións construtivas respecto do uso dos considerados robots educativos no contexto escolar.
- Valorar os robots educativos para analizar a súa utilidade nas aulas.
- Intercambiar perspectivas e ideas para o desenvolvemento das competencias STEM.

#### METODOLOXÍA DO SEMINARIO

**Conferencia inaugural.** Servirá para situar o significado das competencias STEM e a súa implicación para a aprendizaxe e o coñecemento, centrando o foco de atención no tratamento específico da robótica.

**Obradoiros en paralelo.** Son sesións participativas para iniciarse no desenvolvemento práctico da avaliación dos robots como recursos educativos.

As persoas inscritas poden participar nun dos seguintes obradoiros:

- Resolución de problemas en Educación Infantil. Aprender xogando con robots E-Téxtiles na aula de Primaria
- Taller de robótica co Ranger (Educación Secundaria)

#### Peche e resumo do Seminario

Colofón ao traballo de análise e reflexión realizado entre todas e todos.

## Venres 29 de marzo

**16:00 - 16:30**  
Recollida de material

**16:30 - 17:00**  
**Acto de inauguración**

**17:00 - 18:30**  
**Conferencia inaugural**  
**Unha viaxe pola Robótica Educativa nas aulas. Do DIY á Cultura Maker**  
Susana Oubiña Falcón  
*Docente en Tecnoloxía Educativa*

**18:30 - 19:30**  
**Presentación da Aula Nova - CAFI**  
Centro autonómico de formación e innovación  
Presenta: José Manuel Álvarez Rodríguez

**19:30 - 21:00**  
**10 anos do Seminario de Avaliación de Materiais Didácticos (Grupo Cavila-NEG)**  
Unha década atendendo aos materiais e recursos educativos. Grupo Cavila

**21:00**  
**Encontro Lúdico-Cultural**  
Celebración de 10 anos do Seminario

## 29 e 30 marzo

29 Pazo da Peregrina  
30 Casa de Cultura  
Bertamiráns

## Sábado 30 de marzo

**09:00 a 10:30**  
**Exposición fotográfica**

**10:30 a 12:30**  
**Obradoiros simultáneos**

**Educación Infantil**  
**Resolución de Problemas en Educación Infantil.**  
**Aprender Xogando con Robots**  
Almudena Alonso Ferreira  
*Profesora da Universidade de Vigo. Grupo de Investigación Stellae*

**Educación Primaria**  
**E-Téxtiles na aula Primaria**  
Rosa Moreiras  
Pepa Sanjurjo  
*Mestras de Educación Primaria no CEIP Ponte dos Brozos en Arteixo*

**Educación Secundaria**  
**Taller de robótica co Ranger**  
Susana Oubiña Falcón  
*Docente en Tecnoloxía Educativa*

**12:30 - 13:30**  
**Conclusión dos obradoiros**

**13:30 - 14:00**  
**Clausura**

Inscrición ata o 15 de marzo  
Entrada de balde previa inscrición  
Aberto a todo o público

*Solicitada a homologación de 8 horas como actividade de formación do profesorado da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. (En trámite).*